

Convocatoria da Comisión Informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural para o día 16 de novembro de 2022.

De conformidade co acordado polo Pleno da Deputación Provincial na sesión extraordinaria de organización do 16 de xullo de 2019, durante o mandato 2019-2023 a Comisión Informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural, debe realizar sesión ordinaria os mércores da semana anterior á realización do Pleno ordinario de cada mes.

Polo exposto, DISPOÑO:

Convocar a Comisión Informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural en sesión **ordinaria**, para o **día 16 de novembro de 2022**, ás 18.00 horas, coa seguinte orde do día:

1. 2022/57H/CI NEGOCIADO DE SECRETARÍA XERAL

Aprobación da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 19 de outubro de 2022.

2. 2021/16950B PRESIDENCIA

Resolución de alegacións e aprobación definitiva do expediente expropiatorio para execución da obra de Plan especial de infraestruturas e dotacións do polígono P-6.1 da AR-6, no núcleo de Reboredo, no termo municipal de San Cibrao das Viñas.

3. 2022/14494N PRESIDENCIA

Bases reguladoras do Programa provincial de cooperación cos concellos e a entidade local menor de Berán en materia de empregabilidade para o exercicio 2023.

4. 2022/14516B PRESIDENCIA

Bases reguladoras do Programa provincial de cooperación cos concellos e a entidade local menor de Berán en materia de mocidade para o exercicio 2023.

5. 2022/14520S PRESIDENCIA

Bases reguladoras do Programa provincial de Cooperación cos concellos e mancomunidades para a realización de actuacións de limpeza das marxes das redes

viarias municipal e provincial no exercicio 2023.

6. 2022/14818Z PRESIDENCIA

Bases reguladoras para elaboración do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais e da rede viaria provincial para o exercicio 2023.

7. 2022/12794Z PRESIDENCIA

Resolución de alegacións do Grupo Socialista ao Programa Especial de cooperación ás obras promovidas polo concello de Ourense (2022-2023) e aprobación definitiva.

8. 2022/15166V PRESIDENCIA

Programa de asistencia a entidades locais para a xestión de servizos municipais do ciclo da auga para o exercicio 2023

9. 2022/14360Q PRESIDENCIA

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Ourense e o Concello de San Cibrao das Viñas para a xestión e contratación delegada do exercicio do servizo de explotación e mantemento da EDAR de San Cibrao das Viñas.

10. MOCIÓNS DE URXENCIA.

11. ROGOS E PREGUNTAS.

Así o dispón e o asina a Presidencia da Comisión, en Ourense, na data que consta na sinatura electrónica deste documento. Dou fe.